

**Acta núm. 14/2024.  
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 5 de agosto de 2024.**

**ASISTENTES:**  
Pablo Lago Sanmartín.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.  
José Antonio Vidal González.  
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do 5 de agosto de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2024, DO 16/07/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2025.
- 9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2024, DO 16/07/2024.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.07.2024, acta núm. 13/2024.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ CONDE, na que comunica que vai cambiar as ventás (7 en total) da vivenda sita en Busto de Frades 11, Cornanda, substituíndo as existentes de aluminio, por outras novas de PVC sen modificar a configuración dos ocos.

A edificación (referencia catastral 6234216NH1463S0001FG) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 115,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 180,17 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA NIEVES MOSQUERA RODRÍGUEZ, na que comunica que vai executar un peche de parcela, que afecta ao linde sur da mesma, na Avda. Santa Minia 15, Pedrouzos - Brión. O peche farase a continuación do autorizado pola Xunta de Goberno Local do 28.05.2024, terá unha lonxitude aproximada de 34 ml., e executarase en fábrica de bloque de formigón, revestido e pintado ata unha altura de 1.20 m.

A parcela (referencia catastral 6255701NH2465N0001QU) onde se pretende executar a obra emprazase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1)

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche non poderá superar a altura máxima permitida polo PXOM de 1.20 m.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,91 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 83,48 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO COUSO CRISMÁN, na que comunica que vai restaurar as partes máis deterioradas dun peche existente, mantendo a altura actual do mesmo 45 cm., no lugar de O Cabo. O tramo do peche sobre o que se pretende actuar que da fronte a un vial municipal, ten un lonxitude de 54 m., e executarase en formigón.

A parcela (referencia catastral 7549129NH2474N0001AJ) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), e atópase dentro da zona de protección dun ben de interese cultural pertencente ao catálogo do PXOM (Cruceiro do Cabo, clave: AC-3), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá de revestirse e pintarse en tons claros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,37 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUIS RODRÍGUEZ CASTRO, na que comunica que vai facer un peche frontal de parcela no lugar O Tremo – Os Ánxeles. O peche en contacto con un vial público, farase cunha ringleira de fábrica de bloques de formigón na base, postes de formigón intercalados e arameira por enriba ata a altura total de 1,50 metros, separado 4 metros do eixo do vial.

As parcela (referencia catastral 15013A036004830000UO) na que se pretenden executar as obras, atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal (RF).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,14 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,71 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN SALVADO REY, na que comunica que vai facer obras de mellora nunha vivenda e edificacións anexas, sitas no lugar de Soigrex n° 13- Os Ánxeles, consistentes en:

- Substituír a cobertura de tella cerámica curva da vivenda por outra das mesmas características (superficie da mesma: 110 m<sup>2</sup>).
- Limpeza da cobertura de tella cerámica curva da edificación ancorada á vivenda e cunha superficie de 30 m<sup>2</sup>.
- Cubrir con tella cerámica curva as coberturas de fibrocemento actuais de dúas construcións auxiliares, destinadas a almacén e garaxe, respectivamente.

A parcela (referencia catastral 6743610NH2464S0001SZ) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM, e situase dentro da zona de protección dun ben de interese cultural pertencente ao catálogo do PXOM (Igrexa de Santa María dos Ánxeles/clave identificativa: AR-1), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Non se poderá alterar a configuración xeométrica, nin a estrutura portante das cubertas sobre as que se actúa.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 116,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 180,99 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN NIETO ÁLVAREZ, na que comunica que vai facer obras de conservación na vivenda de San Salvador nº 1 – Bastavales, consistentes en:

- Reparar a cuberta da vivenda, substituíndo a totalidade da tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.
- Pintar a totalidade das fachadas da mesma cor, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da vivenda.

A parcela (referencia catastral 7724504NH2472S0001ZF) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 148,62 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 213,19 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICTOR MANUEL SAMBADE LESTÓN, na que comunica que vai arranxar a cobertura dun porche existente, anexo á fachada principal da vivenda de Coruxido nº 39- Bastavales, substituíndo a cobertura metálica actual por un panel con acabado de aceiro relacado de cor gris, sen afectar ós elementos estruturais.

A edificación (referencia catastral 7502228NH2470S0000FW) na que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberase respectar a configuración xeométrica actual da cuberta (mesma pendente e mesma superficie).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 169,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total 233,97 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NAZARET FUENTES MOSQUERA, na que comunica que vai facer obras de conservación na cuberta da vivenda sita no lugar de Ons de Abaixo nº 9- Ons, consistentes en:

- Selar as limas e cumios da cuberta, así como zonas afectadas, empregando tela asfáltica.
- Impermeabilizar o contorno da cheminea, empregando láminas de plomo.

A edificación (referencia catastral 2189802NH2428N0001EL) na que se van executar as obras, atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1), e sitúase na aldea de Ons que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM e identificada coa clave: OE1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 44,53 euros.
  - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 109,10 euros.

**i)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DORINDA VIGO GACIO, na que comunica que vai construír un porche de 40 m<sup>2</sup>., anexo á fachada traseira da vivenda de Soigrex nº 21 – Bastavales. O porche executarse sobre pilares de pedra e estrutura de madeira en cuberta, con cubrición de tella cerámica curva sobre fibrocemento.

A parcela (referencia catastral 7412606NH2471S0001XB) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación, ordenanza nº 8, (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 77,80 euros.
  - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 142,37 euros.

**j)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA. VICENTE RAMOS 44, na que comunica que vai reparar e selar a galería ou muro cortina dun dos extremos do edificio de

vivendas sito na Avda. Vicente Ramos 44 – Os Ánxeles, coincidente coas vivendas coa letra “A”

A edificación (referencia catastral 7248805NH2474N0000PH) emprázase sobre un ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1), e sitúase dentro do contorno de protección dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificado como TEICBE-1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 1 43/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,67 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 90,24 euros.

**k)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PEDRO LUCENA GARCÍA, na que comunica que vai executar obras de mellora na vivenda sita en Pazos nº 7- Ons, consistentes:

- Substituír a cobertura actual de tella cerámica curva por outra das mesmas características.
- Pintar as fachadas da vivenda.
- Cambiar as actuais ventás, por outras de aluminio en cor marrón.

A edificación (referencia catastral 1492905NH2419S0001BJ) na que se van executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación na zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM, e sitúase na aldea de Pazos que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada coa clave: OE2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 15.07.2024 (expediente 1059/2024) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 200,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 264,57 euros.

**l)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MIGUEL ÁNGEL PÉREZ NOVO, na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo, nunha vivenda sita na rúa da Senra nº 3 – Os Ánxeles. As placas (18 módulos) instalaranse sobre a cuberta dunha edificación auxiliar segundo a memoria técnica de deseño aportada pola empresa INELCEA, S.L.

A parcela (referencia catastral 6948903NH2464N0001BD) onde se van realizar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 189,33 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 253,90 euros.

### **TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Santiago Boo Moar, que di actuar en representación de CÁNDIDO GUTIÉRREZ BAÑOS, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Guitiande 6 – Os Ánxeles.

Con data 14.12.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a EVA GLORIA RODRÍGUEZ CARBALLO e CÁNDIDO GUTIÉRREZ BAÑOS, para a rehabilitar unha vivenda unifamiliar e anexos e construción dunha piscina e anexo, en Guitiande 6 –Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Álvaro Gutiérrez Baños, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24.09.2021 e documentación complementaria visada o 03.12.2021 (expte. núm. 2105367).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Álvaro Gutiérrez Baños, con data 10.10.2023, visado polo Colexio oficial correspondente con data 27.12.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

3º) Devolver o imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) por importe de: 364,51 €, unha vez aprobada a liquidación definitiva segundo informe de intervención.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ MARÍA BARCA LÓPEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Brans de Abaixo 40 – Brión.

Con data 26.07.2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a JOSÉ MARÍA BARCA LÓPEZ e MIRIAN MOSQUERA MACÍAS, para construír unha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 40 – Brión, segundo o proxecto de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 31.05.2022 e documentación complementaria visada con data 07.07.2022 (expte. 2203091).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, con data 24.10.2023,

visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 29.11.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57euros.

**c)** Deuse conta dunha instancia presentada por SEILA LEIRAS FERNÁNDEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Guitiande 15 – Os Ánxeles.

Con data 03.06.2020 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a SEILA LEIRAS FERNÁNDEZ e RAFAEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, para rehabilitar unha vivenda unifamiliar no lugar de Guitiande nº 15 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo estudio de arquitectura Arrokaabe arquitectos S.L.P., visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.10.2019 e 14.05.2020 (n.r.e.: 1905313).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado por ARROKABE ARQUITECTOS SLP (Óscar Andrés Quintela e Iván Andrés Quintela), con data 01.09.2023, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 21.09.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57euros.

#### **CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUELA CHAVES QUINTELA, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar da Caxusa - Bastavales, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 12.06.2024 (visado nº 20240573).

#### **Descrición da parcela de orixe:**

Finca rexistral: 9.817.

Referencia catastral: 8308401NH2480N0001IX.

Superficie: 5.764 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte e oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: Benito Blanco Madeiro (1049).

Leste: zona excluída.

Sobre a finca existe un cuberto, da superficie de 20 m<sup>2</sup>, destinado a gardar apeiros de labranza. Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

#### **Segregación pretendida:**

**Parcela número 1.048-1.**

Superficie neta: 1.827 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte e Oeste: "Parcela cesión a viais" e despois vial público.



Sur: Benito Blanco Madeiro (1049) (hoxe finca nº 03 catastral).  
Leste: parcela número 1048-2 desta segregación.  
Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

**Parcela número 1.048-2.**

Superficie neta: 3.573 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: "Parcela cesión a viais" e despois vial público.

Sur: Benito Blanco Madeiro (1049) (hoxe finca nº17 catastral) e zona excluída.

Leste: "Parcela cesión a viais" e despois vial público e zona excluída.

Oeste: parcela número 1048-1 desta segregación e zona excluída.

Sobre a finca existe un cuberto, da superficie de 20m<sup>2</sup>, destinado a gardar apeiros de labranza.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

**"Parcela cesión" (cesión a viais)**

Superficie: 364 m<sup>2</sup> (a 5,5 metros do eixe do vial no linde oeste e a 4 metros do eixe do vial nos lindes norte e leste).

Lindes:

Norte: vial público.

Sur: finca neta e vial público e zona excluída.

Leste: vial público e finca neta.

Oeste: vial público, finca neta e zona excluída.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 364 m<sup>2</sup> ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

**QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Hernando Ezquerra, que di actuar en representación de DAVID GARCÍA GARCÍA e ROJELYN SAMSON SOTTO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e pérgola en Guitiande 72 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado o 30.04.2024 e documentación complementaria sen visar asinada con data 21.06.2024 (planos S03, A05, A04, A03) e 04.07.2024 (planos A01 e S04).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7048911NH2474N0001SJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- **Deberá presentarse o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG antes do inicio das obras**, o cal limitarase a desenvolver o proxecto básico asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado o 30.04.2024 e documentación complementaria sen visar asinada con data 21.06.2024 (planos S03, A05, A04, A03) e 04.07.2024 (planos A01 e S04).

Acadará o contido mínimo indicado no anexo 1 da parte 1 do CTE; **para que logo de presentada esta documentación o Concello autorice expresamente o inicio das obras.**

-. A obra axustarase estritamente ao antedito proxecto e documentación complementaria, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (45 m<sup>2</sup>. asinados en documento administrativo de cesión con data 24.07.2024), necesaria para que os terreos alcancen, se non a tivesen, a condición de solar, que implica a pavimentación da beirarrúa no fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser po un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 45 m<sup>2</sup>., destinados a viais fora das aliñacións establecidas

no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 24 de xullo de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.213,67 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 170,72 euros.

Total: 2.384,39 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Jorreto Díaz, que di actuar en representación de JOSÉ JULIO BENITO GARCÍA, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Romarís 24 – Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Manuel Jorreto Díaz, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 14.06.2024 (expte. 2403172).

A parcela onde se vai executar a obra (referencia catastral 7708901NH2470N0001YK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), no contorno de protección do cruceiro de Romarís, identificado no catálogo coa clave identificativa XBC9.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 20.05.2024 (expte. 3664/23), da autorización de Augas de Galicia do 02.01.2024 (expte DH.W15.95945) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Manuel Jorreto Díaz, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 14.06.2024 (expt. 2403172).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (32 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 32 m<sup>2</sup>., destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 26 de xullo de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.000,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.096,03 euros.

#### **SEXTO-. MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cid Rodríguez, que di actuar en representación de PABLO TARRIO GOY, na que solicita a modificación da licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en O Cabo 28, Os Ánxeles, concedida pola Xunta de Goberno Local en data 13.07.2021, segundo o proxecto de execución redactado polo estudio Cid-Rivadulla Arquitectos SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.06.2021 (expediente 2103849).

O motivo da solicitude é a modificación da situación da piscina que se colocará mínimo a 3 metros dos lindeiros agás coa parcela sita no lindeiro sur, clasificada como solo rústico, da mesma propiedade.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 13.07.2021, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá inscribir no Rexistro da Propiedade a renuncia á divisibilidade da parcela con unha vixencia indefinida, ou á solicitude de declaración de innecesariedade de segregación motivada pola distinta clasificación coa que conta a parcela de orixe.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

#### **SÉTIMO-. PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por PABLO TARRÍO GOY, na que solicita prórroga do prazo do remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de O Cabo nº 28 – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, con data 13.07.2021, concedeu licenza de obra a PABLO TARRÍO GOY e ANA BALSÁ BELLO, para construír unha vivenda unifamiliar e piscina no lugar de O Cabo nº 28 (Os Ánxeles), segundo proxecto de execución redactado polo estudio de

arquitectura Cid-Ribadulla SLP, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 29.06.2021(expte.: 2103849).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras.

#### **OITAVO-. APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2025.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 01.08.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, que transcrita di:

Visto o Decreto 171/2024, do 8 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025, publicado no DOG núm. 143, do 24 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2025 as seguintes datas:

-. O xoves 29 de maio de 2025 (Día da Ascensión) e o martes 24 de xuño de 2025 (Festa de San Xoán).

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía ditaminada nos seus propios termos.

#### **NOVENO-. APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 01.08.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, que transcrita di:

Dada conta do expediente tramitado para a contratación da obra: **ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870**, cun orzamento de:1.239.099,74 euros, IVE incluído, que se atopa subvencionada parcialmente ao abeiro do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Brión para o acondicionamento do treito da estrada AC-543 entre os pp.qq. 8+390 ao 10+000 e cambio de titularidade en favor do Concello, de data 21.01.2023, con addenda núm.1, de data 08.11.2023, licitado por procedemento aberto simplificado cun único criterio de avaliación, o factor prezo, mediante a publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello con data 13.12.2023, téndose presentado 9 empresas.

1º) Resultando que a Mesa de Contratación na súas reunións do 12.01.2024 e 24.01.2024 procedeu á apertura das ofertas económicas e á exclusión da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. por atoparse incurso en prohibición de contratar especificada no art. 71.1.d) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo admitidas oito empresas, e resultando incursas en baixa anormal ou desproporcionada un total de catro empresas, sendo o importe das ofertas económicas dos licitadores admitidos as seguintes:

1. CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L., que oferta un prezo de: 1.208.881,09 euros, IVE incluído.

2. COSMALCA S.L., que oferta un prezo de: 1.180.985,96 euros, IVE incluído.

3. EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., que oferta un prezo de: 1.165.990,00 euros, IVE incluído.
4. EXCAVACIONES MIDÓN S.L., que oferta un prezo de:1.209.980,98 euros, IVE incluído.
5. EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., que oferta un prezo de:1.173.032,00 euros, IVE incluído.
6. FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L., que oferta un prezo de:1.199.032,00 euros, IVE incluído.
7. HORDESCÓN S.L., que oferta un prezo de: 1.180.118,60 euros, IVE incluído.
8. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A., que oferta un prezo de: 1.235.382,44 euros, IVE incluído.

Son empresas vinculadas: EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L. e FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL.

Aos efectos de aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade tomouse a oferta de importe máis baixo de cada grupo de empresas vinculadas consonte co disposto no art. 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, quedando fixado o límite de oferta temeraria na cantidade de: 1.181.546,76 euros, sendo a puntuación obtida polas empresas a seguinte, segundo o programa de valoración de ofertas da Deputación:

1. EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L.: 27,53 ptos.
2. EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.:24,87 ptos.
3. HORDESCÓN S.L.: 22,21 ptos.
4. COSMALCA S.L.: 21,89 ptos.
5. FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L.: 15,07 ptos.
6. CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L.: 11,39 ptos.
7. EXCAVACIONES MIDÓN S.L.: 10,97 ptos.
8. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.:1,40 ptos.

A Mesa de Contratación nesta sesión do 24.01.2024 acordou: Requirirle ás empresas: COSMALCA S.L.; EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L.; EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., e HORDESCÓN S.L; cuxas ofertas se atopan incursas en ofertas anormalmente baixas en aplicación do disposto na cláusula 15.4.2 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), que xustifiquen a súa oferta, por medios electrónicos e asinada electronicamente, a través do perfil de contratante do Concello que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de CINCO (5) días hábiles desde o envío da correspondente comunicación, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da cláusula 15 do PCAP. A xustificación realizada polos licitadores se remitirá posteriormente a informe dos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

**2º)** Resultando que con data 19.02.2024 a Mesa de Contratación visto o informe da arquitecta municipal do 15.02.2024, onde se sinala que das catro empresas só unha xustifica adecuadamente a súa oferta de carácter desproporcionado ou anormal, acordou:

1º) Trasladar ao órgano de contratación a proposta de exclusión das seguintes empresas, por non xustificar a súa oferta considerada como anormalmente baixa: COSMALCA S.L.; EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., e HORDESCÓN S.L.

2º) Propoñer ao órgano de contratación a clasificación dos licitadores por orde decrecente de puntuación, co seguinte resultado:

1. EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., que oferta un prezo de: 1.165.990,00 euros, IVE incluído: 27,53 ptos.
2. FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L., que oferta un prezo de:1.199.032,00 euros, IVE incluído: 15,07 ptos.
3. CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L., que oferta un prezo de: 1.208.881,09 euros, IVE incluído: 11,39 ptos.
4. EXCAVACIONES MIDÓN S.L., que oferta un prezo de:1.209.980,98 euros, IVE incluído: 10,97 ptos.
5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A., que oferta un prezo de: 1.235.382,44 euros, IVE incluído: 1,40 ptos.

3º) Logo de comprobado no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia que a empresa está debidamente constituída, o asinante ten poder bastante para formular a oferta, ten a solvencia económica e técnica ou no seu caso, a clasificación correspondente, e non está incurso en ningunha prohibición de contratar, requirir á empresa EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L, para que presente, dentro do prazo de SETE (7) días hábiles a contar desde o envío da comunicación, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a seguinte documentación:

- A constitución da garantía definitiva polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 48.181,40 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

- A constitución da garantía definitiva complementaria polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 48.181,40 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Se formulase as garantías definitivas a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha copia de ditos avais, debendo entregar os avais orixinais na Tesourería municipal dentro do prazo para presentar a documentación.

**3º)** Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, do 27.02.2024, acordouse:

1º) Excluir do procedemento de licitación das obras do proxecto: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870, ás empresas licitadoras que a continuación se indican por non xustificar as súas ofertas económicas incursas en baixa anormal ou desproporcionada: COSMALCA S.L.; EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L., e HORDESCÓN S.L.

2º) Clasificar, por orde decrecente de puntuación, ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, coa seguinte orde:

1. EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., que oferta un prezo de: 1.165.990,00 euros, IVE incluído: 27,53 ptos.

2. FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L., que oferta un prezo de:1.199.032,00 euros, IVE incluído: 15,07 ptos.

3. CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L., que oferta un prezo de: 1.208.881,09 euros, IVE incluído: 11,39 ptos.

4. EXCAVACIONES MIDÓN S.L., que oferta un prezo de:1.209.980,98 euros, IVE incluído: 10,97 ptos.

5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A., que oferta un prezo de: 1.235.382,44 euros, IVE incluído: 1,40 ptos.

3º) Declarar que as características esenciais da contratación para o clasificado en primeiro lugar, EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., con CIF: B15490527, son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

1. Oferta económica: 1.165.990,00 euros, IVE incluído.

2. Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de doce meses, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

3. Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

4º) Requerir a EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., para que no prazo de sete días hábiles, contados desde o día seguinte ao envío a través da Plataforma de Contratación do Sector Público do requirimento, presente a través de dita Plataforma, a seguinte documentación:

- A constitución da garantía definitiva polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 48.181,40 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

- A constitución da garantía definitiva complementaria polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 48.181,40 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Se formulase as garantías definitivas a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha copia de ditos avais, debendo entregar os avais orixinais na Tesourería municipal dentro do prazo para presentar a documentación

**4º)** Resultando que con data 11.03.2024 a Mesa de Contratación, logo da análise da documentación presentada, acorda que a empresa presenta toda a documentación requirida en prazo e de maneira correcta polo que considera que cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicado este contrato, e acorda:

1º) Trasladar ao órgano de contratación proposta de adxudicación das obras de ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870, á empresa EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., con NIF: B15490527, polo prezo de: 1.165.990,00 euros, IVE incluído, que supón unha baixa respecto do orzamento de licitación de:73.109,74 euros, IVE incluído, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria, por considerar que resulta a oferta máis conveniente para o Concello por ser a que incorpora o prezo máis baixo e xustificou a súa oferta, en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos, ao ser o único criterio o prezo. A duración inicial do contrato será de doce meses, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que exista reserva fundada que



impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte **acordo**:

**1º)** Adxudicar á empresa EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., con NIF: B15490527, a execución do contrato de obras de: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870, polo prezo de: 1.165.990,00 euros, IVE incluído, que supón unha baixa respecto do orzamento de licitación de: 73.109,74 euros, IVE incluído, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria, por considerar que resulta a oferta máis conveniente para o Concello por ser a que incorpora o prezo máis baixo e xustificou a súa oferta, en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos, ao ser o único criterio o prezo. A duración inicial do contrato será de doce meses, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

**2º)** Aprobar o gasto con cargo á aplicación: 1532.60901.

**3º)** De conformidade co previsto na cláusula 15.7 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares adxudicar polo sistema de contrato menor de servizos, consonte co disposto no art. 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., os servizos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, polo prezo de: 18.029,00 euros, IVE incluído, consonte coa súa oferta/presuposto de data 5 de xuño de 2024, autorizando o gasto con cargo a aplicación orzamentaria: 1532.60901, onde consta retido crédito para este fin.

**4º)** Notificar este acordo aos licitadores e publicar no perfil de contratante a adxudicación.

**5º)** Notificar este acordo ao adxudicatario para a formalización do contrato, no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación e logo da súa formalización facela pública mediante anuncio no perfil de contratante ao abeiro do disposto no art. 63 da LCSP.

**6º)** Remitir ao Tribunal de Contas en cumprimento do disposto no art. 335.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, copia certificada do documento en que se formalice o contrato, xunto cun extracto do expediente de contratación, dentro dos tres meses seguintes á data de formalización do contrato.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

**1º)** Aprobar a proposta da alcaldía ditaminada nos seus propios termos.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 13,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González